

---

# ARTUR E CLEMENTINA

Texto de ADELA TURIN

Ilustracións de NELLA BOSNIA

Tradución de EVA ALMAZÁN

---

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 40 páx. 15 €.

**Artur e Clementina** (galego)

ISBN 978-84-8464-785-0. Tras os montes.

**Arturo y Clementina** (castelán)

ISBN 978-84-8464-789-8. Clásicos contemporáneos.

**L'Artur i la Clementina** (catalán)

ISBN 978-84-8464-885-7. Clàssics contemporanis.

**Arturo eta Klementina** (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-786-5. Gaur egungo klasikoak.

**Artur e Clementina** (portugués)

ISBN 978-989-749-002-6. Clássicos contemporâneos.


*Un bonito día de primavera, Artur e Clementina, dúas tartarugas rosadas, noviñas e fermosas, coñecéronse á beira dun lago.*

*E decidiron casar aquela mesma tarde...*

Hai máis de trinta anos, Adela Turin comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine», que ao pouco tempo foi editada en España por Esther Tusquets co título «A favor de las niñas». Converteuse nunha serie de referencia para a coeducación e a igualdade, e foi traducida a varias linguas. A pesar do tempo transcorrido, na actualidade estes libros teñen plena vixencia e seguen sendo necesarios.

O afecto e a ilusión que caracterizan o inicio da relación entre Artur e Clementina, acaban converténdose en monotonía e prisión. Clementina non se sente realizada, libre e feliz; a súa parella subestima as súas cualidades e ridiculiza as súas aspiracións. En vez de ofrecerlle comprensión e respecto, a actitude de Artur anula a súa personalidade e xéralle unha dinámica de dependencia, ao sobrecargala de obxectos materiais que non satisfan a súa ansia de desenvolvemento persoal.

Unha historia fabulada que -como “Rosa caramelo”, “A historia dos bonobos con lentes”, “Unha feliz catástrofe” e outros títulos da colección- pretende reivindicar o rol feminino na sociedade, erradicar os estereotipos sexistas e a discriminación, para cambiar mentalidades e construír un mundo mellor.



---

■ **Temática:** relacións humanas.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** da autora e da ilustradora de “Rosa caramelo”, “Unha feliz catástrofe” e “A historia dos bonobos con lentes” (Kalandraka); igualdade, coeducación, liberdade; contra os estereotipos sexistas.

---

## Adela Turin

(Italia, 1939)

Historiadora da arte e escritora, nos anos 60 dedicouse a analizar os sesgos sexistas na literatura infantil. En Milán formou parte do grupo Rivolta, vencellado ao movemento feminista. Co obxectivo de combater a discriminación de xénero dende o eido da familia patriarcal, decidiu crear a colección «Dalla parte delle bambine» que, entre 1975 e 1980, publicou máis dunha vintena de libros. Daquela, Adela Turin e Nella Bosnia traballaban en La Rinascente. Anos despois trasladouse a París, onde fundou -xunto con Silvie Cromer- a asociación «Du côté des filles», que dende 1994 investiga e denuncia os casos de sexismo nos materiais educativos, e afonda na sensibilización do sector editorial, das institucións e do público en xeral. Ademais de ler e viaxar, na actualidade escribe artigos e imparte conferencias.

## Nella Bosnia

(Italia, 1946)

Estudou Arte en Milán e traballou como decoradora e estilista na creación de produtos téxtiles para a firma La Rinascente, onde coincidiu con Adela Turin, coa que fundou a colección «Dalla parte delle bambine». Como ilustradora, colaborou con editoriais de Italia e Francia.

---

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---